

Resolución do 18 de marzo de 2010 pola que se anuncia convocatoria pública de subvencións ás industrias culturais para o ano 2010.

A Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic) é unha entidade de dereito público con personalidade xurídica propia, patrimonio propio e autonomía na súa xestión, que ten por obxecto o impulso e a consolidación do tecido empresarial no sector cultural galego, segundo o previsto nos artigos 3, 4 e 5 da Lei 4/2008, do 23 de maio, de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais. A Axencia Galega das Industrias Culturais é o organismo en que a Xunta de Galicia, coa participación necesaria dos sectores culturais implicados, centraliza os programas de apoio destinados a reforzar o papel dos creadores individuais, empresas e industrias culturais privadas, dentro do obxectivo xenérico de promoción e fomento da cultura galega impulsado pola Consellería de Cultura e Turismo. A axencia substitúe o Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (IGAEM), creado pola Lei 4/1989, do 21 de abril, modificada posteriormente pola Lei 2/1991, do 14 de xaneiro. O obxectivo da axencia é consolidar o tecido industrial no sector cultural galego para promover un tecido empresarial capitalizado, competitivo e innovador, fomentar a creación e potenciar a comercialización de bens e servizos culturais de calidade, favorecendo a difusión da lingua e da cultura galegas como elementos singularizadores. A axencia pretende fomentar a demanda de produtos culturais na sociedade galega e, pola súa vez, aumentar a exportación. Os destinatarios da axencia son as empresas culturais privadas dedicadas principalmente á produción, distribución ou comercialización de produtos culturais incorporados en calquera clase de soporte, así como de espectáculos ao vivo.

Con esta nova convocatoria de axudas, a Axencia Galega das Industrias Culturais quere fixar un novo marco de actuación baseado en tres premisas substanciais:

1. O incremento de público.
2. A consolidación de industrias culturais competitivas que xere un retorno.
3. A busca da excelencia nos produtos culturais galegos.

Neste sentido, as subvencións á actividade escénica cambian os tipos de modalidades, pasando de modalidades escénicas a modalidades segundo distintos tipos de formatos.

Tamén se lle presta unha especial atención ás empresas que se dedican á produción e distribución de traballos discográficos, debido a que a dita industria está a experimentar unha profunda transformación cara á sociedade dixital. Así mesmo, facilítase a presentación das axudas, pasando de proxectos individuais por traballo discográfico a outra modalidade en que os proxectos se presentan de maneira concentrada. En todo caso, non se trata de subven-

cionar toda a actividade discográfica, senón de apoiar aquela parte que asume a promoción e difusión da actividade global da empresa e, así mesmo, o mantemento do patrimonio musical de Galicia, como ben de interese non só económico, senón tamén cultural. Neste senso, a supervivencia deste catálogo garante a dispoñibilidade e visibilidade deste patrimonio. Tamén se engade, neste caso, a axuda a gravación de videoclips, entendendo esta como unha axuda á promoción.

Do mesmo xeito, búscase a simplicidade na interpretación das bases e baremacións, así como a eliminación de datos redundantes que poidan confundir o receptor destas axudas.

Por todo isto, en consonancia cos seus obxectivos inmediatos, apróbase a convocatoria pública de subvencións ás industrias culturais para o exercicio 2010, de acordo coas seguintes bases:

CAPÍTULO I

ÁMBITO E RÉXIME DAS SUBVENCIÓNS

Primeira.-Obxecto, finalidade, principios de xestión e ámbito de aplicación.

1. Esta resolución, no desenvolvemento das funcións e obxectivos encomendados e previstos na Lei 4/2008, do 23 de maio, de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais, ten por obxecto fixar as bases que regularán o réxime de subvencións establecidas pola Agadic para contribuír á promoción das industrias culturais, dentro do marco das competencias deste organismo, procedéndose á súa convocatoria para este ano 2010.

2. Estas axudas están sometidas ao réxime *de minimis*, nos termos establecidos no Regulamento (CE) nº 1998/2006 da Comisión, do 15 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE ás axudas *de minimis* (DOUE L 379, do 28 de decembro de 2006). Esta circunstancia farase constar expresamente na resolución das solicitudes de subvención.

No desenvolvemento desta resolución aplicarase o disposto nas seguintes leis e disposicións:

- a) Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- b) Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- c) Lei 9/2009, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2010.
- d) Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas da Administración pública galega.

E supletoriamente:

- e) Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, que regula os requisitos de concesión e xustificación de subvencións concedidas na Administración do Estado. Nesta lei recóllense artigos de

carácter básico, que son de aplicación á normativa desta comunidade autónoma e, consecuentemente, a esta resolución de convocatoria.

f) Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

g) Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. A xestión deste programa realizarase de acordo cos seguintes principios:

a) Publicidade, concorrència, obxectividade, transparencia, igualdade e non discriminación.

b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración outorgante.

c) Eficiencia na asignación de efectivos e na utilización de recursos públicos.

Segunda.-Beneficiarios.

1. Dentro dos límites orzamentarios e de acordo coas condicións e criterios que se establecen nestas bases, poderán acceder a estas axudas as persoas físicas e xurídicas, así como as sociedades civís e comunidades de bens -ou calquera outra agrupación de persoas sen personalidade xurídica propia-, así como as unións temporais de empresas, que cumpran os requisitos específicos que se sinalan nesta resolución para cada modalidade de subvención, así como os requisitos referidos no artigo 10 da Lei de subvencións de Galicia.

2. Non poderán obter a condición de beneficiarios as persoas ou entidades en que conorra algunha das prohibicións establecidas nos termos previstos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. En todo caso, os solicitantes presentarán unha declaración responsable de non estaren incurso en tales circunstancias, consonte o modelo establecido no anexo II desta convocatoria.

CAPÍTULO II

MODALIDADES DE AXUDA: NORMAS XERAIS

Terceira.-*Réxime regulador, modalidades de axuda, imputación de créditos e contía de cada modalidade.*

1. O procedemento de concesión destas axudas tramitarase a través do réxime de concorrència competitiva, de acordo cos criterios de valoración fixados nesta convocatoria para cada tipo ou modalidade de axuda, coas excepcións establecidas nos capítulos respectivos das modalidades B e D, así como nas subvencións para a continuidade da actividade escénica e compañías residentes (modalidade a.6 e a.7), relativas ao procedemento recollido no artigo 19.2º da Lei de subvencións de Galicia.

2. As subvencións convocadas imputaranse con cargo ao crédito que se sinala, e a súa concesión estará suxeita á existencia de crédito axeitado e suficiente. O seu pagamento financiarase con cargo aos

créditos das aplicacións orzamentarias que se determinen logo da aprobación dos orzamentos xerais da comunidade autónoma para o exercicio correspondente.

3. As modalidades de subvención que comprende esta convocatoria son as que seguen:

A. Subvencións á actividade escénica.

a.1. Subvencións a empresas de nova creación.

a.2. Subvencións á produción de espectáculos de pequeno formato.

a.3. Subvencións á produción de espectáculos de mediano formato.

a.4. Subvencións á produción de espectáculos de gran formato.

a.5. Subvencións á produción de espectáculos de novas tendencias, contemporáneos ou de autor.

a.6. Subvencións á continuidade a compañías das modalidades a.1, a.2, a.3, a.4 e a.5.

a.7. Subvencións á continuidade de compañías residentes.

B. Programa Crédito-cultura.

C. Subvencións á produción e promoción de traballos discográficos.

D. Subvencións á distribución.

d.1. Subvencións á distribución exterior.

d.2. Subvencións para a asistencia a feiras e outras plataformas de distribución.

d.3. Subvencións á distribución de espectáculos en feiras.

E. Subvencións a salas de teatro e artes escénicas de titularidade privada.

F. Subvencións para o asociacionismo profesional no ámbito das artes escénicas e musicais.

G. Subvencións á mellora técnica de estudos de gravación.

4. O importe global máximo das subvencións anteriormente detalladas será de 2.290.000 euros (dous millóns douscentos noventa mil euros), suma que irá con cargo ás aplicacións orzamentarias 11.A1.432B.770.0 (no suposto da modalidade A e G), 11.A1.432B.470.0 (no suposto das modalidades B, C, D e E) e 11.A1.432B.481.0 (no suposto da modalidade F) do exercicio de gastos da Agadic, previstos inicialmente para o vixente período orzamentario. Estas contías están recollidas na Lei 9/2009, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2010, teñen carácter anual e constitúen o importe global das aplicacións para o financiamento desta convocatoria de subvencións públicas.

5. O importe global máximo previsto no punto anterior distribuírase entre as referidas modalidades

de subvención, asignándoseles as seguintes contías máximas:

A. Para as subvencións á actividade escénica, 1.450.000 euros.

B. Para o programa Crédito-cultura, 40.000 euros.

C. Para as subvencións á promoción e difusión de traballos discográficos, 110.000 euros.

D. Para as subvencións á distribución, 380.000 euros.

E. Para as subvencións a salas de teatro e artes escénicas privadas, 160.000 euros.

F. Para as subvencións para o asociacionismo profesional no ámbito das artes escénicas e musicais, 100.000 euros.

G. Para as subvencións á mellora técnica de estudos de gravación, 50.000 euros.

6. Os importes previstos poderán ser incrementados ao longo do exercicio, nos supostos establecidos no artigo 31.2º da Lei de subvencións de Galicia, e tras declaración previa de dispoñibilidade de crédito, logo da modificación orzamentaria que proceda. Se é o caso, a ampliación de crédito deberase publicar nos mesmos medios que esta convocatoria, sen que tal publicidade implique a apertura de prazo para presentar novas solicitudes nin o inicio de novo cómputo de prazo para resolver. A alteración da distribución establecida nesta convocatoria non precisará de nova convocatoria, pero si das modificacións que procedan no expediente de gasto e da publicación nos mesmos medios que a convocatoria.

CAPÍTULO III

PROCEDEMENTO: SOLICITUDES, VALORACIÓN E XUSTIFICACIÓN

Cuarta.-Inicio do procedemento: solicitudes e presentación das instancias.

1. As solicitudes de subvencións dirixiranse ao director da Agadic e deberanse axustar ao modelo publicado no anexo I desta resolución. Poderanse presentar nos servizos, rexistros e oficinas correspondentes da Comunidade Autónoma de Galicia, así como nos rexistros doutras administracións públicas, consonte o establecido no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. Estas bases, así como as solicitudes e os anexos que se xuntan, estarán dispoñibles nas dependencias desta axencia e na súa páxina web, e tamén quedarán expostas no taboleiro de anuncios da Agadic e debidamente publicadas no *Diario Oficial de Galicia* (DOG).

Quinta.-Prazos para a instrución e tramitación das solicitudes.

1. O prazo para a presentación das solicitudes -sen prexuízo das especificidades propias previstas para as modalidades B e D- será dun mes, contado a par-

tir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*. De caer en inhábil o derradeiro día de prazo, entenderase prorrogado ata o primeiro día hábil inmediatamente seguinte a aquel.

2. Se a solicitude non estivese debidamente cuberta, non se achegase a documentación exixida ou non se reunisen os requisitos sinalados na normativa da convocatoria ou os que, con carácter xeral, se indican no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, o interesado será requirido para que no prazo de 10 días hábiles, contados desde o día seguinte ao da notificación do requirimento, emende o defecto advertido, a falta detectada ou presente os documentos preceptivos, indicándose ademais que, de non o facer, se considerará que desiste na súa petición, logo de resolución que declarará esta circunstancia e que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 42 da dita lei, segundo o previsto no artigo 71.

Sexta.-Documentación xeral requirida aos solicitantes.

1. Ás solicitudes dos interesados xuntaranse os documentos e informacións previstos no parágrafo seguinte, salvo que a documentación exixida xa estivese en poder da Agadic; neste caso, o solicitante poderase acoller ao establecido na letra f) do artigo 35 da Lei 30/1992, quedando eximido da súa presentación, sempre e cando así o faga constar e especifique a data e o órgano ou a procedencia en que foron presentados ou emitidos, e cando non transcorren máis de cinco anos desde a finalización do procedemento a que correspondan; todo isto de conformidade co estipulado no artigo 20.3º da Lei de subvencións de Galicia.

2. Ademais da solicitude mencionada na base cuarta desta resolución, os interesados nestas subvencións presentarán, con carácter xeral, a seguinte documentación, mediante orixinal ou fotocopia compulsada ou debidamente autenticada:

1º Se o solicitante é unha persoa física, orixinal ou fotocopia compulsada ou cotexada do seu documento nacional de identidade (no caso de que o solicitante non opte por lle autorizar á Agadic o acceso aos seus datos persoais, de acordo co establecido no Decreto 255/2008, do 23 de outubro, polo que se simplifica a documentación para a tramitación dos procedementos administrativos e se fomenta a utilización de medios electrónicos, tal e como se establece na solicitude), do pasaporte ou documento equivalente, de ser estranxeiro, así como certificado de estar dado de alta no imposto de actividades económicas, na epígrafe/subepígrafe que corresponda, no exercicio actual.

2º Se o solicitante é unha persoa xurídica, orixinal ou fotocopia compulsada ou cotexada do CIF ou documento equivalente; certificado de estar dado de alta no imposto de actividades económicas, na epígrafe e subepígrafe que corresponda, no exercicio actual; orixinal ou fotocopia compulsada dos estatu-

tos rexistrados e escrituras de constitución inscritos no rexistro mercantil ou o que corresponda; e documentación que acredite de forma suficiente a representación e identidade de quen asina a solicitude (DNI ou pasaporte), xunto co certificado do acordo de solicitude da axuda ou da autorización da persoa que a asine en nome da entidade.

No suposto de se tratar de sociedades civís e comunidades de bens -ou calquera outra agrupación de persoas sen personalidade xurídica propia-, deberán nomear un representante ou apoderado legal único da agrupación, con poderes bastantes para cumprir as obrigas que, como beneficiario, lle corresponden á agrupación (deberán facer constar tal circunstancia tanto na solicitude como na aceptación da concesión da axuda, debendo igualmente facer constar expresamente os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe de subvención que se lle aplicará a cada un).

Así mesmo, deberáselle exixir a este tipo de agrupacións sen personalidade xurídica propia o compromiso de non disolución destas durante todo o tempo que dure a actividade subvencionada, consono o artigo 8 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3º Declaración comprensiva de todas as solicitudes efectuadas ou concedidas para a mesma finalidade das administracións públicas competentes ou doutros entes públicos, así como das axudas concedidas en réxime *de minimis* ou, de ser o caso, declaración de que non solicitou ou percibiu outros ingresos ou subvencións (anexo II).

4º Ficha de transferencia bancaria e/ou certificación da entidade financeira acreditativa de que o solicitante é titular da conta (anexo III).

5º Documentación específica para cada tipo ou modalidade de axuda a que se presenten as persoas interesadas, que se recollen nos capítulos seguintes desta convocatoria.

3. A presentación da solicitude de concesión de subvención por parte do interesado comportará a autorización automática á Agadic para que esta poida solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a consellería competente en materia de economía e facenda da Xunta de Galicia. Porén, o solicitante poderá denegar expresamente tal consentimento mediante escrito presentado ante o órgano xestor, e débense presentar neste caso os certificados indicados nos termos previstos regulamentariamente.

Sétima.-Procedemento de concesión das subvencións: instrución e competencia para a avaliación das solicitudes.

1. A Dirección da Agadic, directamente ou a través dos seus servizos administrativos, actuará como órgano instrutor do procedemento, nos termos previstos no artigo 21 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, correspondéndolle realizar

de oficio cantas actuacións considere necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos que se debe pronunciar a resolución. En particular, terá atribuídas especificamente as seguintes funcións:

1º Examinar as solicitudes e documentación presentadas.

2º Requirir das persoas solicitantes a emenda ou achega da documentación que resultase de obrigado cumprimento.

3º Formular a proposta de resolución, debidamente motivada.

2. Co fin de facilitar unha mellor avaliación das solicitudes, poderáselles pedir información complementaria aos interesados, así como a outros servizos da Consellería de Cultura e Turismo, ou aos profesionais ou expertos consultados. En todo caso, a Dirección da Agadic poderá requirir os solicitantes para que proporcionen calquera información aclaratoria que resulte necesaria para a xestión da súa solicitude.

Sen prexuízo das facultades que teñan atribuídas outros órganos da Administración do Estado ou da comunidade autónoma, a Dirección da Agadic e as unidades administrativas encargadas da tramitación e seguimento do expediente respectivo poderán comprobar en todo momento a aplicación das subvencións concedidas para os fins programados, e levará a cabo as funcións de control, así como de avaliación e seguimento dos labores e demais actuacións que derivasen destas bases. Para estes efectos, os beneficiarios deberán cumprir coas obrigas de comprobación que se establezan nesta resolución e na de adxudicación da subvención. Para realizar estas funcións, poderanse utilizar cantos medios estean á disposición da Dirección da Agadic para comprobar o cumprimento dos requisitos exixidos nesta resolución e na restante normativa vixente que resulte de aplicación.

3. Para a concesión das subvencións nas súas distintas modalidades e variedades, serán tidos en consideración os criterios e puntuacións que se relacionan e prevén nos capítulos V e seguintes desta resolución, para cada tipo ou modalidade de subvención.

4. As comisións de valoración a que se refire a cláusula seguinte examinarán os proxectos, tendo en conta os criterios de valoración que en cada modalidade se especifican nos citados capítulos desta normativa. Así mesmo, elaborarán un informe preceptivo, que non será vinculante, relacionando os proxectos examinados por orde de prelación.

5. Unha vez entregado o informe preceptivo por parte da comisión de valoración, a Dirección da Agadic elaborará a proposta de resolución, indicando o número de solicitudes subvencionadas e o importe económico da subvención correspondente a cada unha delas.

6. Malia o disposto, e para o suposto dos subtipos B e D, así como nas subvencións para a continua-

de da actividade escénica (modalidade a.6) e compañías residentes (modalidade a.7), tramitarase mediante un procedemento abreviado en que o informe e a proposta de resolución serán efectuados nun único acto pola Dirección da Axencia, elevándose á presidencia da Agadic para a súa aprobación posterior, consonte o procedemento previsto nos artigos 19.2º e 22 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. As solicitudes de subvencións nestas modalidades examínanse e serán outorgadas, sempre que cumpran os requisitos exixidos nesta convocatoria, por orde cronolóxica, tendo en conta a data de entrada no rexistro da Agadic.

No suposto das modalidades B e D, ao se tratar dunha convocatoria aberta ao longo do ano que dispón do crédito vixente en actos sucesivos de adxudicación, a Agadic publicará no DOG o esgotamento da partida orzamentaria asignada, así como a inadmisión de posteriores solicitudes destinadas a participar dos subtipos de subvención indicados. Desde o momento en que se esgote o crédito orzamentario, non serán outorgadas novas subvencións a estas modalidades, sen prexuízo do cumprimento do disposto no artigo 31.4º da Lei de subvencións de Galicia.

Oitava.-Comisións de valoración.

1. Para a avaliación das solicitudes presentadas, constituirase unha comisión de valoración (ou comisión avaliadora), da que non poderán formar parte aquelas persoas que estean directa ou indirectamente relacionadas cos expedientes obxecto de valoración. Tanto esta comisión como o órgano instrutor especificado na base anterior poderán solicitar dos interesados cantos datos e acreditacións xulguen necesarios para unha máis correcta baremación dos proxectos.

2. Existirán tres comisións de valoración: unha para a modalidade A, outra para as modalidades C e G e outra para as restantes modalidades de axudas (modalidades E e F).

Todas as comisións estarán integradas polo director da Agadic -ou persoa en que este delegue- como presidente da comisión, por un membro do cadro de persoal da Agadic (que exercerá as funcións de secretario da comisión, con voz e sen voto) e polos vogais establecidos no parágrafo seguinte para as distintas modalidades.

3. Os vogais das distintas comisións de valoración serán os seguintes:

a) Modalidade A:

1. Tres expertos externos, nomeados pola Dirección da Agadic de entre persoas de recoñecido prestixio no mundo das artes escénicas -ámbito teatral e/ou coreográfico- en Galicia, por proposta das entidades máis representativas do sector.

2. Dous técnicos integrantes do cadro de persoal da Agadic, dos grupos I e/ou II.

b) Modalidade C e G:

1. Tres expertos externos, nomeados pola Dirección da Agadic de entre persoas de recoñecido prestixio no mundo da música en Galicia, por proposta das entidades máis representativas do sector.

2. Un técnico integrante do cadro de persoal da Agadic, dos grupos I e/ou II.

c) Restantes modalidades (E e F).

Tres vogais, designados de entre membros do cadro de persoal da axencia dos grupos I e II.

4. A condición de vogal da comisión ten carácter persoal e non pode actuar por delegación nin ser substituído en ningún caso.

5. A comisión de valoración avaliará as solicitudes consonte os criterios de valoración establecidos nestas bases para cada tipo e modalidade de subvención nas cláusulas que se detallan a seguir, emitirá un informe relacionando os proxectos examinados por orde de prelación e indicará a puntuación asignada a cada un deles.

Novena.-Resolución da convocatoria.

1. Unha vez cumprido o disposto nas cláusulas anteriores, o órgano instrutor, á vista do expediente, da documentación requirida e do informe da comisión avaliadora, ditará a proposta de resolución correspondente, indicando o número de solicitudes subvencionadas e o importe económico da subvención correspondente a cada unha delas, que elevará á Presidencia da Agadic.

2. A Presidencia da Agadic, como órgano xerárquico superior responsable da resolución definitiva da convocatoria de subvencións, deberá ditar resolución expresa, no prazo de 15 días desde a data de elevación da proposta de resolución. A citada resolución deberase ditar e publicar no prazo máximo de nove meses, contados desde o día seguinte ao da publicación desta convocatoria pública, será motivada e fará mención expresa dos beneficiarios, da contía da axuda e dunha desestimación xeneralizada do resto dos proxectos solicitantes.

3. No prazo máximo de tres meses, contados desde a data da resolución, publicarase no *Diario Oficial de Galicia* e será inserida igualmente na páxina web desta axencia a relación das subvencións concedidas, con indicación da norma reguladora, beneficiario, crédito orzamentario, contía solicitada, contía concedida, puntuación obtida e finalidade da subvención. Non obstante, cando os importes das subvencións concedidas e individualmente consideradas sexan de contía inferior aos 3.000 euros, non será necesaria a publicación no *Diario Oficial de Galicia*, que será substituída pola publicación das adxudicadas na páxina web da Agadic.

A súa notificación ás persoas adxudicatarias da subvención cursarase no prazo dos 10 días hábiles seguintes ao da súa adopción. Transcorrido o prazo máximo previsto para resolver o procedemento sen que se ditase ou publicase resolución expresa, pode-

rarse entender que esta é desestimatoria por silencio administrativo da solicitude de concesión da subvención.

4. As resolucións ditadas ao abeiro da correspondente resolución de convocatoria porán fin á vía administrativa e contra elas poderanse interpor os seguintes recursos, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

a) Recurso potestativo de reposición ante á Presidencia do Consello de Dirección da Agadic, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, se esta fose expresa, ou de tres meses contados a partir do seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

b) Recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución, se esta fose expresa, ou de seis meses contados a partir do seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

Décima.-Pagamento e xustificación. Documentación requirida.

1. O pagamento das axudas farase efectivo a partir da data da resolución definitiva de concesión e realizárase dunha soa vez, sempre e cando se acredítase que a actividade foi executada de acordo co programa e/ou proxecto presentados e se xustifique correctamente o seu emprego, todo isto sen prexuízo do réxime de pagamentos anticipados.

2. A Agadic -consonte as previsións estipuladas no artigo 31.6º da Lei de subvencións de Galicia, e tendo en conta as excepcións previstas para a modalidade de subvencións á actividade escénica- poderá realizar un pagamento anticipado da subvención de ata o 50% como máximo do importe total concedido, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á actividade subvencionada e logo de solicitude expresa do beneficiario e presentación de certificación do inicio dos traballos. O importe restante aboarase tras a acreditación polo beneficiario do cumprimento total das obrigas establecidas nestas bases.

3. Os beneficiarios que soliciten o pagamento anticipado, cando este exceda a cantidade de 18.000 euros, deberán constituír unha garantía, mediante seguro de caución prestado por entidade aseguradora ou mediante aval solidario de entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca, que deberá cubrir o 110% do importe do anticipo, e deberá alcanzar como mínimo ata os dous meses seguintes á finalización do prazo de xustificación. Quedan exonerados da constitución de garantía os beneficiarios e nos casos establecidos no artigo 65.4º do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

4. O prazo de xustificación da subvención percibida rematará nos períodos expresamente previstos

nos capítulos seguintes para cada modalidade. Transcorrido o prazo de xustificación sen que se presente esta ante a Agadic, requirirase o beneficiario para que a presente no prazo improrrogable de dez días. A falta de xustificación neste prazo comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención, a exixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia.

Así mesmo, a documentación específica requirida para o aboamento de cada modalidade ou submodalidade de subvención, e que deberá presentar a persoa beneficiaria, será a recollida nos capítulos V e seguintes desta resolución.

5. Cando concorran varias subvencións solicitadas e concedidas ao mesmo beneficiario e polo mesmo órgano concedente, só será necesario que presente dunha soa vez a documentación que resulte coincidente, tanto na fase de solicitude (prevista nas cláusulas cuarta a sexta destas bases) como na de xustificación do pagamento.

6. Non se poderá realizar en ningún caso o pagamento da subvención outorgada en canto o beneficiario non figure ao día do cumprimento das súas obrigas tributarias estatais, autonómicas e da Seguridade Social, sexa debedor en virtude de resolución declarativa da procedencia de reintegro ou teña algunha outra débeda pendente, por calquera concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma galega, estando autorizada a Agadic (consonte o previsto na cláusula 6ª, parágrafo 3 desta resolución) para proceder á comprobación e conseguinte verificación destes datos.

7. Será requisito necesario para o pagamento da subvención outorgada a entrega dunha declaración complementaria do establecido na base sexta, 2.4ª, do conxunto das axudas solicitadas, tanto das aprobadas ou concedidas como das pendentes de resolución para o mesmo proxecto das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos, así como das axudas concedidas en réxime *de minimis* pola entidade beneficiaria nos tres últimos anos.

8. Igualmente, será requisito necesario para o pagamento da subvención outorgada a xustificación e o debido cumprimento da totalidade das obrigas económicas e de actividades correspondentes ás subvencións que fosen concedidas pola Agadic durante o exercicio 2009.

CAPÍTULO IV

INCOMPATIBILIDADES E OBRIGAS

Décimo primeira.-Obrigas dos beneficiarios.

1. Os beneficiarios destas axudas adquiren as obrigas que se reflicten nesta resolución e no resto da normativa de aplicación e, con carácter xeral, as que se relacionan a continuación:

1º Comunicarlle á Agadic a aceptación por escrito da subvención concedida no prazo máximo de 10 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da

notificación da resolución de concesión. Transcorrido este prazo sen comunicarse esta aceptación ou sen producirse manifestación expresa, entenderase como tacitamente aceptada.

2º Realizar a actividade que fundamenta a concesión da subvención -de acordo co programa ou proxecto presentado- durante o tempo máximo que se estableza e, en todo caso, antes da fin do prazo límite para a súa xustificación.

3º Xustificar a subvención concedida nos termos establecidos nos puntos posteriores para cada modalidade.

4º Someterse ás actuacións de comprobación, control e inspección que efectúe o órgano concedente e ás de control financeiro que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas ou a outros órganos da Administración estatal ou da Unión Europea, aos que se facilitará canta información lles sexa requirida para este efecto, todo isto de conformidade co disposto na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia e demais normativa regulamentaria de desenvolvemento.

5º Comunicarlle ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, ingresos, axudas ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera das administracións públicas ou entes públicos autonómicos, nacionais ou internacionais, así como calquera outra modificación das circunstancias que no seu día foron tidas en conta para a súa concesión, e dos compromisos e obrigas asumidos polos beneficiarios. Esta comunicación deberase efectuar no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

6º Os beneficiarios terán a obriga de dar a axeitada publicidade do carácter público do financiamento dos programas, actividades, investimentos ou actuacións de calquera tipo que sexan obxecto de subvención mediante a incorporación de forma visible nos materiais que se utilicen para a súa difusión do logotipo da Agadic, coa súa adscrición á Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia, respectando as súas normas de identidade corporativa, inseríndoo nun lugar preferente ou, cando menos, en igualdade de condicións que a entidade subvencionada.

7º Dispor dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos exixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario para cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos lle sexan exixidos polas bases reguladoras das subvencións, coa finalidade de garantir o axeitado exercicio das facultades de comprobación e control, que poderán ser solicitados pola Agadic para a comprobación das xustificacións das axudas recibidas.

8º Conservar os documentos xustificativos de aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto en canto poidan ser obxec-

to das actuacións de comprobación e control previstas no número 5º deste punto e de conformidade co procedemento recollido nos artigos 23 e concordantes da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

9º Aqueloutras obrigas establecidas nos artigos 11 e concordantes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. O incumprimento dos anteriores deberes previstos e obrigas por parte dos adxudicatarios dará lugar á exixencia das responsabilidades ou sancións previstas no título IV da indicada Lei galega 9/2007, sen prexuízo do disposto nas cláusulas 12ª á 14ª destas bases.

Décimo segunda.-*Revogación e reintegro das subvencións.*

1. Procederá a nulidade e revogación das subvencións concedidas, así como o reintegro total ou parcial das contías percibidas e a exixencia do xuro de mora correspondente desde o momento do pagamento da subvención ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro, nos supostos de incumprimento das obrigas anteriormente sinaladas, nos casos e termos establecidos nos artigos 32 e 33 da Lei de subvencións de Galicia, e na normativa de desenvolvemento da dita disposición legal, e en particular polo incumprimento de calquera dos requisitos e obrigas estipulados nesta convocatoria pública.

2. O reintegro do importe percibido, cando proceda, rexerase polo procedemento establecido no artigo 38 e título VI da Lei 9/2007, do 13 de xuño, así como polo título V do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Décimo terceira.-*Incompatibilidades e concorrencia doutras axudas.*

1. O importe das subvencións reguladas nesta resolución en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas ou patrocinios concedidos por outras administracións públicas ou entes públicos, autonómicos, nacionais ou internacionais, superen o 100% do custo da actividade subvencionada que desenvolverá o beneficiario, isto sen prexuízo das particularidades e especificidades previstas para cada tipo ou modalidade de axuda, previstas nas cláusulas que seguen.

2. Non se poderán imputar os mesmos gastos aos distintos tipos de subvención previstos nestas bases. Así mesmo, os gastos subvencionados non poderán servir como xustificación a subvencións de distintas convocatorias ou que afecten a varios exercicios económicos, salvo nos casos expresamente previstos nestas bases.

3. Cando os proxectos, actuacións ou actividades obxecto de subvención fosen financiados, ademais, con fondos propios ou con outras subvencións ou recursos, deberase acreditar na xustificación que se

achegue o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.

4. Do mesmo xeito, e segundo as previsións contidas no artigo 27 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e no artigo 43 do Decreto 11/2009, polo que se aproba o regulamento da Lei de subvencións de Galicia, o beneficiario dunha subvención da Agadic unicamente poderá subcontratar total ou parcialmente a actividade subvencionada ata o 50% do seu importe, e en ningún caso poderá subcontratar unha única persoa física ou xurídica por máis do 25% do importe total da subvención outorgada, nin tampouco se poderán subcontratar as actividades que, aumentando o custo do proxecto subvencionado, non acheguen valor engadido ao seu contido.

Décimo cuarta.-*Modificación da resolución de concesión.*

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, e en todo caso a obtención concorrente doutras subvencións, axudas ou recursos -ou doutras achegas fóra dos casos permitidos nas normas reguladoras-, poderá dar lugar á modificación da resolución inicial de concesión e, eventualmente, á súa revogación nos termos establecidos na súa normativa reguladora, podendo en tal caso a Agadic proceder á reclamación e conseguinte reintegro, total ou parcial, da suma concedida á compañía adxudicataria nos termos anteriormente estipulados.

2. Do mesmo xeito, procederá o dito reintegro total ou parcial nos supostos previstos no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como polo título V do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

CAPÍTULO V

AXUDAS Á ACTIVIDADE ESCÉNICA

1ª Finalidade da concesión: fomentar a actividade escénica, en calquera das súas modalidades e disciplinas artísticas, por parte de compañías profesionais con sede na Comunidade Autónoma de Galicia.

2ª Modalidades de subvención á actividade escénica:

A. Subvencións á actividade escénica.

a.1. Subvencións a empresas de nova creación.

a.2. Subvencións á produción de espectáculos de pequeno formato, que son aqueles compostos por un máximo de tres actores, actores-manipuladores de monicreques, bailaríns ou músicos en escena.

a.3. Subvencións á produción de espectáculos de mediano formato, que son aqueles compostos por entre catro e sete actores, actores-manipuladores de monicreques, bailaríns ou músicos en escena.

a.4. Subvencións á produción de espectáculos de gran formato, que son aqueles compostos por máis

de sete actores, actores-manipuladores de monicreques, bailaríns ou músicos en escena.

a.5. Subvencións á produción de espectáculos de novas tendencias, contemporáneos ou de autor.

a.6. Subvencións á continuidade a compañías das modalidades a.1, a.2, a.3, a.4 e a.5.

Esta opción só será admisible para aqueles solicitantes que fosen xa beneficiarios de subvencións á actividade escénica no exercicio 2009 (nova creación ou nova produción), na mesma modalidade, ou ben que, tendo presentado solicitude de subvención á actividade escénica no anterior exercicio e resultando esta denegatoria, produciisen igualmente o espectáculo, cun orzamento non inferior aos 25.000 euros nin tampouco de contía inferior ao 50% do importe do proxecto presentado, no seu día, xunto coa «ficha de produción».

a.7. Subvencións á continuidade de compañías residentes.

3ª Beneficiarios. Requisitos:

Os beneficiarios destas subvencións poderán ser aquelas persoas, físicas ou xurídicas, dedicadas profesionalmente á actividade teatral, da danza ou da maxia, con domicilio, sede social ou establecemento permanente na Comunidade Autónoma de Galicia, quedando exceptuadas as asociacións e restantes entidades sen fins de lucro. Para os efectos desta convocatoria de axudas, terán a consideración de actividade escénica o teatro de actor, teatro de monicreques, o circo, a danza, a maxia e a lírica. Os requisitos xerais para os tipos ou variantes de subvención son:

-Acreditación da dedicación profesional á actividade teatral, da danza ou da maxia. No caso de sociedades, ter social ou estatutariamente como obxecto social o desenvolvemento de actividades de artes escénicas.

-Estar dado de alta no imposto de actividades económicas na epígrafe ou subepígrafe correspondente, no exercicio económico 2010.

-Domicilio, sede social ou establecemento permanente na Comunidade Autónoma de Galicia.

No suposto da modalidade a.1 (empresas de nova creación), ademais dos requisitos anteriores, é preciso que a antigüidade da compañía non sexa superior aos 5 anos. Para estes efectos, a constitución e antigüidade da compañía contabilizarase desde a data da alta no IAE, na actividade de produción ou distribución de espectáculos de artes escénicas.

No suposto da modalidade a.7 (continuidade de compañías residentes), é preciso que cumpran os seguintes requisitos:

1º) Ingresos brutos anuais superiores a 200.000 euros no último ano ou 150.000 euros en media dos últimos 3 anos, no caso de compañías de teatro de actor, e superiores a 140.000 euros no último ano ou

100.000 euros en media dos últimos 3 anos, no caso de compañías de danza e teatro de monicreques.

2º) Existencia dun compromiso de financiamento por parte dunha ou varias administracións locais non inferior a 50.000 euros anuais por Administración, no caso de teatro de actor, e 30.000 euros anuais, no caso de danza e teatro de monicreques.

3º) Residencia nun espazo escénico de titularidade pública ou privada:

No caso de espazos de titularidade pública, o acordo de cesión de uso deberá superar os 180 días anuais.

No caso de espazos de titularidade privada, deberá acreditarse a propiedade ou usufruto e un compromiso mínimo de programación de 60 funcións anuais (incluídas as previstas no punto 4º).

4º) Acreditación dun compromiso mínimo de produción e programación anual, consistente na produción dun espectáculo e a realización de 36 funcións de calquera dos espectáculos da compañía no espazo escénico de residencia (ata un 50% das funcións poderanse realizar noutros espazos da Administración ou administracións financiadoras). Cando a compañía estea financiada por máis dunha Administración local, o número de funcións incrementárase en 10 funcións por cada unha das administracións a partir da segunda. Para estes efectos, aplicárase a seguinte ponderación para o cálculo da suma de funcións realizadas: espectáculos de 1 actor, coeficiente 0,50; espectáculos de 2 a 4 actores, coeficiente 1; espectáculos de 5 ou 6 actores, coeficiente 1,5; e espectáculos de 7 ou máis actores, coeficiente 2.

5º) Antigüidade mínima de 5 anos na actividade de produción e distribución de espectáculos de artes escénicas.

Así mesmo, será necesario que a compañía presente a documentación acreditativa do cumprimento pola Administración local do compromiso de financiamento adquirido no exercicio 2009, así como de ter cumprido os requisitos establecidos nas bases de convocatoria pública de axudas de 2009.

4ª Contía das subvencións e límites máximos:

a) Importes máximos das subvencións: a cantidade outorgada aos proxectos subvencionados non pode superar as seguintes cantidades:

-Proxectos presentados por empresas de nova creación (a.1): 6.000 € + 6.000 € por actor, bailarín, actor-manipulador ou músico de escena, ata un tope de 30.000 €.

-Proxectos presentados para espectáculos de pequeno formato (a.2): 20.000 € + 6.000 € por actor, bailarín, actor-manipulador ou músico de escena, ata un tope de 43.000 €.

-Proxectos presentados para espectáculos de mediano formato (a.3): 25.000 € + 6.000 € por actor, bailarín, actor-manipulador ou músico de escena, ata un tope de 70.000 €.

-Proxectos presentados para espectáculos de gran formato (a.4): 30.000 € + 6.000 € por actor, bailarín, actor-manipulador ou músico de escena ata un tope máximo de 100.000 €.

-Proxectos presentados para espectáculos de novas tendencias, contemporáneos ou de autor (a.5): 9.000 € + 6.000 € por actor, bailarín, actor-manipulador de monicreques ou músico de escena ata un tope máximo de 50.000 €.

A axuda nas modalidades a.1, a.2, a.3, a.4 e a.5 subvencionará estritamente os gastos da fase de produción dos espectáculos, é dicir, aqueles xerados ata a data da estrea.

b) Determinación da contía no suposto de subvencións nas modalidades a.1, a.2, a.3, a.4 e a.5.:

En función da puntuación obtida tras aplicar os criterios de valoración e baremación establecidos na cláusula 5ª deste capítulo, ordenaranse as empresas pola puntuación obtida de maior a menor. Para a modalidade a.1 (empresas de nova creación), destinarase un máximo de 100.000 euros. Para a modalidade a.5 (produción de espectáculos de novas tendencias, contemporáneos ou de autor), destinarase un máximo de 200.000 euros.

Aquelas que obteñan a maior puntuación conseguirán o total do orzamento solicitado, co seguinte límite fixado:

Ata o 100% na modalidade a.1 e ata o 80% para a.2, a.3, a.4 e a.5.

En calquera caso, o importe máximo total das subvencións das distintas administracións públicas non poderá superar en ningún caso o 100% dos custos totais do proxecto.

c) Determinación da contía nas subvencións para a continuidade da actividade escénica:

-Para as axudas á continuidade a compañías das modalidades a.1, a.2, a.3, a.4 e a.5: o 80% da subvención concedida no exercicio anterior.

No caso de espectáculos que fosen producidos pero non subvencionados durante o ano inmediatamente anterior, o importe da subvención determinárase mediante a aplicación das seguintes porcentaxes sobre o orzamento executado no exercicio anterior:

-O 60% do orzamento executado no exercicio anterior.

Terá a consideración de orzamento executado no exercicio anterior o gasto de produción e distribución do espectáculo contabilizado desde o 1 de xaneiro de 2009 ata tres meses despois da data de estrea, co límite do 31 de decembro de 2009. Para o cómputo do gasto, serán de aplicación os límites orzamentarios e as exclusións establecidas nesta convocatoria.

A cantidade máxima destinada a esta modalidade ascende a 400.000 euros.

d) Determinación da contía para a continuidade de compañías en residencia.

Nas subvencións para compañías residentes, o importe determinarase mediante a aplicación das seguintes regras de cálculo:

-A subvención non poderá exceder o 50% dos ingresos anuais da compañía, calculados segundo a media dos últimos tres exercicios pechados.

Para efectos da determinación do importe efectivo do compromiso financeiro da Administración local, non se contabilizarán aqueles fondos destinados á subcontratación de servizos artísticos con terceiras entidades, así como calquera outra transferencia de fondos en que a compañía actúe como mero intermediario fronte ao provedor ou destinatario final. Poderanse contabilizar os gastos de mantemento e funcionamento ordinario do espazo escénico (subministracións, seguros, limpeza, seguridade e outros análogos), durante o período de residencia, co límite do 30% da achega.

En todo caso, a subvención adaptarase á cantidade máxima cobrada e xustificada na anualidade 2009.

A cantidade máxima destinada a esta modalidade ascende a 320.000 euros.

e) No momento de adxudicación da subvención, a entidade beneficiaria deberalle remitir á Agadic (ademais da declaración de aceptación da subvención nos termos establecidos na cláusula 11ª, punto 1.1º desta convocatoria) a ficha de produción (anexo IV) e o plan económico financeiro (anexo VIII), adaptados á subvención concedida. A dita documentación deberase remitir no prazo máximo dun mes, contado desde a notificación da resolución de concesión.

5ª Criterios de valoración e baremación:

A valoración das solicitudes presentadas realízase de acordo cos seguintes criterios:

a) Subvencións á continuidade a compañías (a.6) das modalidades a.1, a.2, a.3, a.4 e a.5: nesta modalidade de subvencións a concesión será automática, sempre que se cumpran todos os requisitos exixidos nesta resolución de convocatoria.

b) Subvencións á continuidade de compañías residentes (a.7): nesta modalidade de subvencións a concesión será automática, sempre que se cumpran todos os requisitos exixidos nesta resolución de convocatoria.

c) Criterios xerais de baremación das modalidades a.1, a.2, a.3, a.4 e a.5.

C.1. Valoración da empresa. 30 puntos.

C.1.1. Facturación media da empresa dos últimos 3 anos: 8 puntos.

-Máis de 300.000 euros: 8 puntos.

-Entre 250.000 e 300.000 euros: 6 puntos.

-Entre 200.000 e 250.000 euros: 4 puntos.

-Entre 150.000 e 200.000 euros: 3 puntos.

-Entre 100.000 e 150.000 euros: 2 puntos.

-Entre 50.000 e 100.000 euros: 1 punto.

C.1.2. Porcentaxe mínima da subvención solicitada, sobre o orzamento do proxecto: 8 puntos.

-80%: 1 punto.

-75%: 2 puntos.

-70%: 3 puntos.

-65%: 4 puntos.

-60%: 6 puntos.

-55%: 8 puntos.

C.1.3. Antigüidade da empresa: 4 puntos (cálculo efectuado sobre a data de alta no IAE na epígrafe correspondente e o rexistro das escrituras de constitución da empresa).

-Por tres anos: 1 punto.

-Por cinco anos: 2 puntos.

-Por sete anos: 3 puntos.

-Por dez ou máis anos: 4 puntos.

C.1.4. Nivel de contratación de persoal: 8 puntos (cálculo realizado sobre a media do importe das cotizacións á Seguridade Social da empresa -socios traballadores e contratados laborais- nos últimos tres anos naturais (2007-2008-2009), na rama de actividade de produción de espectáculos de artes escénicas).

-Máis de 2.000 euros: 1 punto.

-Máis de 5.000 euros: 2 puntos.

-Máis de 10.000 euros: 3 puntos.

-Máis de 15.000 euros: 4 puntos.

-Máis de 18.000 euros: 6 puntos.

-Máis de 20.000 euros: 7 puntos.

-Máis de 22.000 euros: 8 puntos.

C.1.5. Premios á excelencia, premios artísticos e outros premios, a excepción dos referidos aos autores do texto: 2 puntos.

-0,5 puntos por premio presentado ata un máximo de 2 puntos.

C.2. Capacidade de produción e distribución. 30 puntos.

C.2.1. Nivel de produción: 11 puntos.

1 punto por espectáculo producido, dun mínimo de 35 minutos de duración, con máis de 10 representacións realizadas.

C.2.2. Nivel de distribución: 15 puntos.

Media anual de funcións distribuídas nos últimos catro anos naturais (2006, 2007, 2008 e 2009). Terán a consideración de funcións aquelas que supoñan unha contraprestación económica e unha duración mínima de 35 minutos. Para a contabilización das funcións realizadas de cada espectáculo, aplicarase a seguinte dobre ponderación:

-Ponderación 1: funcións realizadas fóra de Galicia: 1,5; funcións realizadas nos espazos escénicos de Galicia: 1; funcións realizadas nos espazos escénicos integrantes da Rede Galega de Salas: 0,75.

-Ponderación 2: caché ata 1.500 € × 0,65; caché entre 1.501 e 2.500 euros × 1; caché entre 2.501 e 4.500 euros × 1,5; caché superior a 4.500 euros × 2.

-Entre 10 e 20 funcións: 2 puntos.

-Entre 21 e 30 funcións: 4 puntos.

-Entre 31 e 40 funcións: 6 puntos.

-Entre 41 e 50 funcións: 10 puntos.

-Entre 51 e 60 funcións: 12 puntos.

-Máis de 60 funcións: 15 puntos.

C.2.3. Nivel de asistencia de público: 7 puntos.

Calcularase a asistencia anual aos espectáculos RGTA durante os anos 2007, 2008 e 2009; así mesmo, teranse en conta aquelas funcións non realizadas na RGTA que poidan demostrar, de forma que faga fe, o dato de asistencia de público.

Media anual de espectadores de: máis de 6.000 espectadores por ano: 7 puntos.

Entre 5.001 a 6.000: 5 puntos.

Entre 4.001 a 5.000: 4 puntos.

Entre 3.001 a 4.000: 3 puntos.

Entre 2.001 a 3.000: 2 puntos.

Entre 1.001 e 2.000: 1 punto.

C.3. Valor da nova produción. 40 puntos.

C.3.1. Memoria de dirección: 3 puntos (valoración dada pola comisión nunha escala do 1 ao 3).

C.3.2. Autoría do texto: 9 puntos.

-Obra orixinal (non adaptación) de autor galego vivo con obra estreada, publicada ou premiada: 9 puntos.

-Outros autores galegos ou creación colectiva de autores galegos: 5 puntos.

-Dramaturxia universal: 3 puntos.

A consideración de obra orixinal estará suxeita ao rexistro dos dereitos de autor. O rexistro deberá ser efectivo con anterioridade ao cobramento da subvención.

-Obras con premios Agadic.

As compañías que presenten para a súa produción textos ou coreografías premiadas pola Agadic (non estreados con anterioridade) recibirán 9 puntos adicionais.

-Outros premios: ata 2 puntos.

0,5 puntos por premio presentado.

C.3.3. Dirección artística. 10 puntos.

C.3.3.1. Fomento da dirección feminina: 2 puntos (asignación de 2 puntos no caso de que a dirección ou a autoría corresponda a unha muller).

C.3.3.2. Traxectoria profesional:

-0,5 puntos por cada montaxe profesional ata un máximo de 10 puntos.

-2 puntos pola titulación oficial de arte dramática ou equivalente.

-1 punto por outras titulacións universitarias.

C.3.4. Elenco artístico. 12 puntos.

-0,5 puntos pola titulación oficial de arte dramática ou equivalente ata un máximo de 4 puntos.

-0,5 puntos por cada premio presentado de forma individual ata un máximo de 4 puntos.

-Currículo do elenco (máximo de 4 puntos). 0,5 puntos por cada montaxe profesional.

-A puntuación global calcularase mediante a suma das puntuacións parciais dos actores, dos manipuladores de monicreques, dos bailaríns e dos músicos de escena, co límite máximo de 12 puntos.

-Os actores/manipuladores de monicreques/bailaríns/músicos non poderán participar simultaneamente en máis de 3 proxectos subvencionados.

C.3.5. Investimento en promoción e publicidade. 3 puntos.

Investimento en medios de comunicación, cartelería, páxina web específica do proxecto, folletos, vídeos e aquelas accións promocionais que fagan máis visible a nova produción.

-Entre o 6 e o 10% do orzamento do proxecto: 1 punto.

-Entre o 11 e o 15% do orzamento do proxecto: 2 puntos.

-Máis do 15% do orzamento do proxecto: 3 puntos.

6ª Coproducións e unións temporais de empresas (UTE):

Os proxectos á actividade escénica poderán ser presentados de forma conxunta por dúas ou máis compañías. A colaboración entre as compañías poderá adoptar a fórmula de contrato privado ou ben de unión temporal de empresas. Nos proxectos conxuntos, a valoración de cada unha das epígrafes do baremo será a superior de entre as que acrediten

as compañías. Ademais, os proxectos conxuntos recibirán 5 puntos adicionais.

Cando a solicitude sexa presentada por unha unión temporal de empresas, o requisito de domicilio ou sede social na Comunidade Autónoma de Galicia considerárase cumprido cando unha das empresas integradas nela o cumpra. Neste caso, a subvención concedida poderá ser executada pola empresa con domicilio ou sede social na comunidade autónoma ou pola propia UTE.

O cálculo dos ingresos totais da empresa realizárase, para efectos do establecido na cláusula 3 e 4.c, mediante a suma dos ingresos anuais de cada unha das compañías. Nos proxectos conxuntos, cada unha das compañías deberá executar unha porcentaxe non inferior ao 35% do orzamento.

En calquera caso, polo menos un 70% do importe da subvención deberá corresponder a gastos efectuados na comunidade autónoma.

7ª Continuidade empresarial:

Cando unha compañía estea formada pola fusión, escisión ou cambio de forma xurídica ou razón social dunha ou de varias compañías preexistentes, recoñeceráselle a traxectoria anterior destas para os efectos de baremación. No suposto de escisión, o recoñecemento serao pola parte proporcional que corresponda á parte escindida integrada na nova sociedade. No caso de que unha das partes escindidas non exerza actividade empresarial demostrada, a outra parte acumulará toda a traxectoria.

8ª Documentación específica requirida aos solicitantes destas modalidades:

a) Modalidades a.1, a.2, a.3, a.4 e a.5:

-Memoria da dirección (entre 4 e 15 follas, tamaño A4 e sen encadernar).

-Historial profesional do elenco técnico e artístico da compañía (anexo VII).

-Memoria das actividades realizadas pola compañía, xunto coa documentación acreditativa das actividades recollidas nela (anexo VI).

-Plan de márketing e distribución (anexo IX).

-Compromiso de contratación dos integrantes do elenco artístico, asinado tanto pola empresa como polo traballador, coa declaración expresa de non participación en máis de tres proxectos escénicos e referidos os salarios ao convenio en vigor (anexo XIV).

-Certificación acreditativa da titularidade dos dereitos de autor. Nun primeiro momento (e durante o trámite de presentación da solicitude da subvención), poderase achegar unicamente a acreditación da súa solicitude. Non obstante, a dita titularidade deberase acreditar con anterioridade ao aboamento da subvención.

b) Subvencións para a continuidade da actividade escénica (para o caso de espectáculos producidos, pero non subvencionados no ano anterior):

-Acreditación documental dos gastos realizados no exercicio anterior na produción do espectáculo.

c) Modalidade a.7.:

-Acreditación documental da existencia dun compromiso de financiamento por parte dunha Administración local.

-Acreditación documental do acordo de cesión de uso dun espazo escénico ou, de ser o caso, da propiedade ou usufruto deste.

-Compromiso de produción e programación anual.

-Plan de actividades de produción, exhibición e animación escénica.

-Orzamento de actividades.

-Acreditación documental do cumprimento do compromiso da Administración local no exercicio 2009.

d) Documentación preceptiva para todas as modalidades de subvención á actividade escénica:

-Ficha de produción (anexo IV).

-Memoria da empresa (anexo V).

-Plan económico-financeiro: orzamento. Custo por función (anexo VIII).

-Copia das declaracións do imposto de sociedades, ou do imposto da renda das persoas físicas no seu defecto, e do imposto do valor engadido correspondentes aos exercicios 2007, 2008 e 2009. Nos impostos correspondentes ao exercicio 2009, a presentación deberase realizar nos 15 días seguintes á finalización do prazo de presentación ante a Axencia Estatal de Administración Tributaria.

9ª Prazos previstos para o cumprimento e xustificación das subvencións concedidas para estes proxectos, e formas de pagamento:

a) Prazo límite de estreia do espectáculo:

-A estreia da produción deberase producir entre o 1 de xaneiro e o 30 de outubro de 2010.

b) Prazo límite de xustificación da achega:

-En todo caso, con data límite de entrega do 15 de novembro de 2010.

c) Forma de pagamento: a cantidade obxecto de subvención e adxudicada ao proxecto presentado será aboada por resolución da Dirección da Agadic, de acordo coas súas posibilidades de liquidez.

10ª Obrigas dos beneficiarios:

a) Subvencións para a produción dun espectáculo de nova creación ou de nova produción (modalidades a.1, a.2, a.3, a.4. e a.5.):

Os beneficiarios estarán obrigados a realizar, no prazo de 4 meses desde a data da estrea do espectáculo, un mínimo de 5 representacións do espectáculo subvencionado, con límite do 15 de decembro.

b) Subvencións para a continuidade da actividade escénica (modalidade a.6):

Os beneficiarios estarán obrigados a realizar ata o 15 de decembro do exercicio 2010 un mínimo de 10 funcións, de calquera dos seus espectáculos.

c) Subvencións para a continuidade de compañías residentes (modalidade a.7):

Nas subvencións a compañías residentes, os beneficiarios estarán obrigados a realizar ata o 15 de decembro do ano 2010 36 funcións no espazo escénico de residencia, ou o número resultante no caso de financiamento de varias administracións locais.

d) As representacións previstas fóra do prazo de xustificación deberanse acreditar dentro de dito prazo, con achega do contrato asinado para tales representacións. O incumprimento dará lugar ao inicio do procedemento de reintegro da subvención concedida para as representacións non efectuadas.

11ª Xustificación e liquidación da subvención outorgada:

-Documentación acreditativa do número de funcións realizadas ou comprometidas (mediante certificado/s de actuación, certificación expedida pola entidade de xestión de dereitos que corresponda, contratos de actuacións ou por calquera outro medio ou documento que acredite, de forma que faga fe, a realización do número mínimo de funcións exixidas).

-Memoria de actividade (anexo X).

-Balance dos ingresos e gastos xerados na totalidade do proxecto (anexo XI).

-Relación completa de todos os gastos imputados á actividade obxecto da subvención, polo importe total do gasto (anexo XII).

-Xustificantes, orixinais ou copias compulsadas, dos gastos imputados á actividade obxecto da subvención, polo importe igual ou superior á subvención concedida e que apareza consignado na resolución de adxudicación como «cantidade para xustificar».

Non se aceptarán aquelas facturas no concepto das cales non se estableza de maneira clara e discriminada o obxecto do ben, a obra e/ou o servizo facturado.

-Certificación bancaria acreditativa da realización dos pagamentos correspondentes a todos os gastos de importe unitario superior a 600 euros imputados á subvención concedida, así como de todos os gastos de persoal e colaboracións profesionais.

-Relación de subvencións, achegas ou outros recursos concedidos para o mesmo obxecto por outras administracións públicas, así como declara-

ción das axudas concedidas en réxime *de minimis* durante os tres últimos exercicios (anexo XIII).

-Unha copia en formato CD, DVD ou outro sistema analóxico ou dixital, dos soportes visuais, gráficos ou sonoros (catálogos, programas, carteis, vídeos, etc.) empregados para a difusión e promoción da produción; a dita documentación poderase achegar, do mesmo xeito, por vía electrónica ou telemática e para os únicos efectos de comprobar a realización da actividade.

-Cando se trate de creación teatral, copia do texto da obra que se pretende producir, polas mesmas vías e formatos anteriormente enumerados.

-Gravación do espectáculo, en calquera formato dixital.

-Ademais, deberase presentar (en relación cos dous últimos puntos) unha autorización expresa e asinada polo adxudicatario da axuda, en que se faga constar que a entrega tanto da gravación do espectáculo como da copia do texto se realiza para os meros efectos de arquivo e documentación da Agadec.

12ª Custos ou gastos subvencionados:

Custos relativos á produción conforme o plan económico financeiro aprobado, con data comprendida entre o 1 de decembro de 2009 (sempre que non fosen subvencionados no exercicio 2009) e o 30 de novembro de 2010, incluíndose:

-Gastos de persoal.

-Gastos de produción (escenografía, vestiario/figurinos, deseño de luminotecnia, música, realización do atrezzo, etc.).

-Aluguer dos locais de ensaio e custos asociados (luz, auga, limpeza, etc.).

-Gastos de promoción e publicidade.

-Dereitos de autor.

-Gastos financeiros.

-Gastos xerais de mantemento e xestión (ata un máximo do 7% sobre os custos totais).

-Axudas de custo, transporte e/ou outras indemnizacións, conforme as tarifas máximas establecidas no convenio colectivo de actores e actrices de Galicia.

-No caso de compañías residentes, gastos relativos ao desenvolvemento do plan de animación escénica (coa exclusión daqueles gastos de subcontratación de servizos artísticos con terceiras entidades, así como calquera outra transferencia de fondos en que a compañía actúe como mero intermediario fronte ao provedor ou destinatario final).

Poderanse xustificar achegas en especie, debidamente acreditadas, co límite do 10% do orzamento total do proxecto. A xustificación das axudas estará suxeita ás instrucións que, en desenvolvemento do

establecido nesta convocatoria, dite a Dirección da Agadic.

Non serán subvencionables os gastos relativos a:

- Imposto sobre o valor engadido, así como os impostos de natureza similar que sexan recuperables pola entidade.

- Gastos de subcontratación de servizos con empresas vinculadas ou con aquelas que non teñan como obxecto social e actividade social a prestación dos servizos obxecto da subcontratación.

- Gastos de contratación de servizos artísticos por parte das persoas titulares da empresa, cando excedan o 15% do importe da subvención, salvo autorización expresa da Agadic.

- Calquera outro non vinculado directamente coa actividade obxecto de subvención.

Cando a actividade subcontratada teña un custo superior a 18.000 euros, o contrato deberá ser subscrito por escrito e o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores.

13ª Outras incidencias. Incompatibilidades:

Sen prexuízo da posible presentación de máis dun proxecto por un mesmo solicitante, só poderá ser obxecto de subvención nesta modalidade (A. Subvencións á actividade escénica) un proxecto por persoa física ou xurídica. A persoa solicitante poderá establecer unha orde de prelación sobre os proxectos presentados, que a comisión de valoración terá en conta no caso de que varios proxectos se consideren subvencionables.

CAPÍTULO VI CRÉDITO-CULTURA

1ª Finalidade da concesión:

Promover, facilitar e normalizar o acceso das empresas culturais ao financiamento bancario da súa actividade de produción e distribución de produtos ou servizos de consumo cultural de interese sociocultural.

2ª Beneficiarios:

Empresas dedicadas profesionalmente á actividade de produción e distribución de produtos ou servizos de consumo cultural, con domicilio, sede social ou establecemento permanente na Comunidade Autónoma de Galicia.

Requisitos do beneficiario:

- Ter social ou estatutariamente como obxecto social a produción e distribución de produtos ou servizos de consumo cultural.

- Estar dado de alta no imposto de actividades económicas (IAE) na epígrafe e/ou subepígrafe correspondente, no vixente exercicio 2010.

- Ter a sede, domicilio social ou establecemento permanente na Comunidade Autónoma de Galicia.

3ª Requisitos do crédito ou préstamo:

Créditos ou préstamos a xuro fixo ou variable, que cumpran as seguintes condicións:

- Estar destinados ao financiamento dun programa de actividades relacionadas coa produción e distribución de produtos ou servizos de consumo cultural de interese sociocultural.

- Prazo de amortización non superior aos 3 anos.

4ª Importe e límite das subvencións:

- a) O importe da axuda cubrirá a comisión de apertura e estudo, así como xuros pagados entre o 1 de decembro de 2009 e o 30 de novembro de 2010 por créditos ou préstamos formalizados con entidades financeiras para o financiamento de circulante da empresa, sen que en ningún caso o importe da subvención poida ser superior a 3.000 euros ao ano por todos os conceptos, e por solicitante, independentemente do número de operacións de préstamo bancario das cales sexa titular.

- b) Forma de pagamento: o importe da subvención farase efectivo logo de xustificación polo beneficiario da liquidación dos xuros obxecto de préstamo.

5ª Documentación específica requirida aos solicitantes desta modalidade:

- Ficha de financiamento (anexo XV).

- Copia do contrato de préstamo ou, de ser o caso, do compromiso de concesión.

- Programa de actividades de produción e distribución produtos ou servizos de consumo cultural, incluíndo as previsións económicas de ingresos e gastos para o período considerado.

6ª Prazos previstos para o cumprimento e xustificación das subvencións concedidas para estes proxectos:

Sen prexuízo do disposto na cláusula quinta destas bases, en relación co prazo de iniciación do expediente e conseguinte presentación de solicitudes, os prazos que se deberán ter en consideración, en todo caso, son os que seguen:

- a) De presentación de solicitudes: as solicitudes deberán presentar no prazo máximo dun mes desde a formalización dos préstamos obxecto de subsidio e, en todo caso, con anterioridade ao 31 de outubro de 2010. Para os préstamos formalizados con anterioridade á data de publicación desta resolución de convocatoria de subvencións, o prazo de solicitude será dun mes, contado a partir do día seguinte ao data da súa publicación.

- b) De xustificación: no prazo non superior a un mes desde a cancelación do contrato de préstamo e, en todo caso, antes do 15 de decembro de 2010.

7ª Xustificación e liquidación da subvención outorgada:

- Certificación bancaria e follas de liquidación das cotas do préstamo pagadas, co detalle dos gastos por xuros.

-Relación de subvencións, achegas ou outros recursos concedidos para o mesmo obxecto por outras administracións públicas, así como declaración das axudas concedidas en réxime *de minimis* durante os tres últimos exercicios (anexo XIII).

CAPÍTULO VII

SUBVENCIONS Á PRODUCCIÓN E PROMOCIÓN DE TRABALLOS DISCOGRÁFICOS

1ª Finalidade da concesión:

O obxecto desta liña de axudas é dar apoio aos proxectos de produción, edición e promoción de produtos discográficos (fonogramas e videoclips) e aos proxectos que aposten pola adaptación das empresas discográficas galegas ás condicións que exige a sociedade dixital, especialmente desde o punto de vista de adecuación tecnolóxica.

2ª Beneficiarios. Requisitos:

Empresas dedicadas á actividade de produción e distribución no ámbito da música con domicilio, sede social ou establecemento permanente na Comunidade Autónoma de Galicia.

Requisitos:

-Ter social ou estatutariamente como obxecto social a produción e distribución de traballos discográficos.

-Estar dado de alta no imposto de actividades económicas (IAE) na epígrafe e/ou subepígrafe correspondente, no vixente exercicio 2010.

-Ter a sede, domicilio social ou establecemento permanente na Comunidade Autónoma de Galicia.

-Que a empresa discográfica edite un mínimo de 2 álbums durante o ano 2010.

-Que máis do 50% dos fonogramas editados durante o ano da convocatoria correspondan a músicos residentes en Galicia.

3ª Importes e límites das subvencións:

a) As subvencións son concedidas en función da puntuación obtida de acordo cos criterios de valoración que establece a base 5ª.

b) O importe da subvención será como máximo do 70% dos gastos subvencionables, IVE non incluído.

c) As subvencións concedidas polas distintas administracións públicas para a mesma finalidade non poderán superar en ningún caso o importe total dos gastos finalmente producidos.

d) Forma de pagamento: o importe da subvención farase efectivo logo de xustificación polo beneficiario do cumprimento total das actividades e das obrigas establecidas.

Non obstante, poderase realizar un pagamento anticipado de ata un 50%, como máximo, do importe total da axuda, logo de solicitude expresa do beneficiario e presentación de certificación do inicio das actividades, e tras constitución previa das garantías establecidas nestas bases.

4ª Custos ou gastos subvencionables:

a) Gastos de produción, gravación e reprodución: aceptaranse aqueles gastos que teñan que ver co enriquecemento artístico do traballo. Enténdase como tales: a contratación de músicos adicionais, directores e/ou produtores de recoñecido prestixio que sexan alleos ao artista e estudio en que se estea a producir ese traballo, así como traballos de masterización. Non se prevén, en ningún caso, gastos de estudio de gravación, axudas de custo, viaxes, etc., que teñan que ver coa produción.

b) Gastos en promoción, publicidade e márketing: son gastos relacionados coa actividade dirixida ao posicionamento da gravación. Acéptanse os gastos de empresas e profesionais para a produción de videoclips; márketing en liña, móbil ou tradicional; deseño de elementos publicitarios, publicidade en calquera medio audiovisual, escrito ou dixital, edición de mostras, contratación de servizos de consultoría de comunicación e márketing, gastos de organización e celebración de actos promocionais (excluíndo honorarios profesionais, axudas de custo e calquera outra contraprestación económica dos artistas e do persoal vinculado á empresa solicitante) e, en xeral, os gastos que se poidan relacionar coa difusión da actividade para aumentar as vendas.

c) Gastos de adaptación á sociedade dixital: gastos relacionados con novas tecnoloxías: utilización de canles de distribución dixitais, adaptación dixital dos contidos musicais, creación e mantemento de webs, *hardware*, *hosting*; gastos en I+D+i; gastos en proxectos que supoñan novas formas de negocio diferentes da comercialización e a distribución de CD e DVD en lugares convencionais e especialmente as que utilicen as novas tecnoloxías. Non inclúe a compra nin o arrendamento financeiro de equipamento, nin a adquisición de licenzas de *software*.

d) Gasto en formación: aceptárase o gasto relacionado coa formación laboral e profesional encamiñada ao perfeccionamento e a capacitación do persoal para afrontar con máis preparación e rigor os retos da sociedade dixital.

Non serán subvencionables os gastos relativos a:

-Gastos de funcionamento ou estruturais das empresas, como son os gastos de persoal, o mantemento das infraestruturas de oficinas e almacéns, nin a adquisición de infraestrutura ou bens patrimoniais. Tamén quedan excluídos os gastos de participación accionarial noutras empresas, as consultorías e os estudos de mercado e os derivados da xestión das formacións musicais ás cales se lles editan produtos discográficos e a organización de concertos.

-Gastos de edición de traballos discográficos.

-Imposto sobre o valor engadido, así como os impostos de natureza similar que sexan recuperables pola entidade.

-Gastos de subcontratación de servizos con empresas vinculadas ou con aquelas que non teñan como obxecto social e actividade social a prestación dos servizos obxecto da subcontratación.

-Contraprestacións económicas dos membros dos órganos de dirección da entidade.

-Gastos de asistencia a feiras e outras plataformas de exhibición musical.

-Calquera outro non vinculado directamente coa actividade obxecto de subvención.

5ª Criterios de valoración e baremación:

5.1. A concesión das subvencións e o cálculo da súa contía débese determinar segundo un sistema de puntos que se deben outorgar en función dos criterios seguintes:

a) Traxectoria empresarial e estrutura de persoal da empresa (niveis de facturación e cotizacións á Seguridade Social nos tres anos anteriores): de 0 a 25 puntos.

b) Volume de gasto en produción, gravación e reprodución durante os tres anos anteriores: de 0 a 10 puntos.

c) Volume de gasto en promoción, publicidade e márketing durante os tres anos anteriores: de 0 a 10 puntos.

d) Volume de gasto en internacionalización durante os tres anos anteriores: de 0 a 5 puntos.

Consideraranse os gastos por calquera actividade dirixida a captar mercados de fóra dos territorios onde é oficial a lingua galega: gasto relacionado coa asistencia a feiras e mercados. En ningún caso serán admitidos gastos relacionados coa presenza dun artista nun concerto.

e) Volume de gasto de adaptación á sociedade dixital durante o ano de publicación da convocatoria: de 0 a 10 puntos.

Ademais dos gastos previstos na base 4.c), débense ter en conta a compra, o arrendamento financeiro e a obtención de licenzas de software, *hardware*, *hosting*; calquera investimento en I+D+i; e calquera investimento en proxectos que supoñan novas formas de negocio diferentes da comercialización e a distribución de CD e DVD convencionais e que teñan por obxecto a difusión e a venda de contidos fonográficos.

f) Volume de gasto en formación durante o ano de publicación da convocatoria: de 0 a 3 puntos.

g) Interese cultural e social do conxunto da actividade: de 0 a 7 puntos.

Valorarase o interese artístico e social dos proxectos, a súa contribución á creación dun espazo sonoro galego, o fomento da música como vía de integración na sociedade galega dos sectores menos favorecidos ou da inmigración, a recuperación e a difusión do noso patrimonio, etc.

h) Valoración do fondo de catálogo de cada compañía: de 0 a 5 puntos.

1 punto por cada 10 referencias discográficas, ata un máximo de 5 puntos.

i) Uso da lingua galega e autoría galega: de 0 a 6 puntos.

Valorarase o uso da lingua galega nas producións de obras musicais e a autoría galega (autores nados ou domiciliados en Galicia), nas producións de obras musicais instrumentais. Terase en conta especialmente o uso da lingua galega en autores non nados ou non residentes en Galicia e aqueles produtos que, polas súas características, poidan favorecer a integración lingüística.

j) Participación de músicos nados ou domiciliados en Galicia: de 0 a 6 puntos.

Valorarase a presenza de artistas nados ou domiciliados en Galicia nas actividades presentadas no proxecto.

k) Traxectoria artística profesional dos grupos e artistas: de 0 a 8 puntos.

5.2. En relación cos criterios de valoración a), b), c), d), e), f) e g), concederase a máxima puntuación en cada tramo (25, 10, 7, 5 ou 3 puntos, segundo os casos) á solicitude que presente un maior gasto en relación co criterio obxecto de valoración. Para o resto de solicitudes, outorgarase a puntuación de xeito estritamente proporcional. Todas as puntuacións se redondearán cun só decimal.

5.3. Unha vez sumados todos os puntos obtidos polos diferentes criterios de valoración, obterase a puntuación total de cada solicitude, que se redondeará sen decimais. Daráselle un valor económico a cada punto obtido, que será o resultante de dividir o total da dotación establecida na convocatoria entre a suma de todos os puntos obtidos por todos os proxectos. O importe da subvención virá determinado pola multiplicación do valor económico do punto polo total de puntos obtidos por cada solicitude, co límite previsto na base 3.b. A obtención dun importe inferior a 6.000 euros suporá a desestimación da solicitude presentada.

6ª Documentación específica requirida aos solicitantes desta modalidade:

-Memoria completa e detallada do proxecto (tamaño A4 e sen encadernar).

-Memoria da empresa (anexo V).

-Documentación acreditativa da titularidade da licenza fonográfica dos bens obxecto do proxecto.

-Copia das declaracións do imposto de sociedades e do imposto sobre o valor engadido correspondentes aos exercicios 2007, 2008 e 2009.

-Cotización á Seguridade Social e cotas da Seguridade Social a cargo da empresa durante os tres últimos exercicios.

-Relación clasificada de gastos en internacionalización a que se refire a base 5.1.d) previstos e contraídos durante o ano de publicación da convocatoria.

-Relación clasificada de gastos de adaptación á sociedade dixital a que se refire a base 5.1.e) previstos e, se procede, contraídos durante o ano de publicación da convocatoria.

7ª Prazos previstos para o cumprimento e xustificación das subvencións concedidas para estes proxectos:

-Os proxectos débense realizar durante o ano 2010.

-Prazo de xustificación: ata do día 30 de novembro de 2010, como data límite.

8ª Xustificación e liquidación da subvención outorgada:

-Memoria xeral da actividade realizada.

-Balance de ingresos e gastos (anexo XI).

-Relación completa dos gastos realizados, polo importe total dos gastos de explotación (anexo XII).

-Xustificantes, orixinais ou copias compulsadas, dos gastos realizados imputados á subvención.

Non se aceptarán aquelas facturas no concepto das cales non se estableza de maneira clara e discriminada o obxecto do ben, a obra e/ou o servizo facturado.

-Certificación bancaria acreditativa da realización dos pagamentos correspondentes a todos os gastos de importe unitario superior a 600 euros imputados á subvención concedida, así como de todos os gastos de persoal e colaboracións profesionais.

-Unha copia en formato CD, DVD ou outro sistema analóxico ou dixital dos soportes visuais, gráficos ou sonoros (catálogos, programas, carteis, vídeos, etc.) empregados para a difusión e promoción do proxecto discográfico; a dita documentación poderase achegar, do mesmo xeito, por vía electrónica ou telemática e para os únicos efectos de comprobación da realización da actividade.

-Relación de subvencións, achegas ou outros recursos concedidos para o mesmo obxecto por outras administracións públicas, así como declaración das axudas concedidas en réxime *de minimis* durante os tres últimos exercicios (anexo XIII).

9ª Obrigas específicas asumidas polos beneficiarios:

Incluír de forma visible en todos os soportes de publicidade e difusión da actividade obxecto da subvención os logotipos da marca de proxección exterior da cultura galega, respectando as súas normas de identidade corporativa, inseríndoos nun lugar preferente ou, cando menos, en igualdade de condicións que a entidade subvencionada.

CAPÍTULO VIII

SUBVENCIÓNS Á DISTRIBUCIÓN

1ª. Finalidade da concesión:

Promover a distribución exterior de bens e servizos culturais producidos por empresas e/ou compañías

profesionais galegas, coa excepción das asociacións e entidades sen fins de lucro.

2ª Beneficiarios e modalidades de subvencións. Requisitos:

a) Modalidade D.1. (Subvencións para a distribución exterior de espectáculos de artes escénicas e musicais producidos por empresas galegas): persoas físicas e/ou xurídicas dedicadas profesionalmente á actividade de produción e distribución de espectáculos de artes escénicas ou musicais con sede social ou establecemento permanente na Comunidade Autónoma de Galicia.

b) Modalidade D.2. (Subvencións para a asistencia a feiras e mercados culturais): persoas físicas e/ou xurídicas dedicadas á actividade de produción e distribución de bens ou servizos culturais, con domicilio, sede social ou establecemento permanente na Comunidade Autónoma de Galicia, para a asistencia a feiras ou mercados culturais.

c) Modalidade D.3. (Subvencións para a distribución de espectáculos en feiras): persoas físicas e xurídicas dedicadas profesionalmente á actividade de produción e distribución de espectáculos de artes escénicas, con domicilio ou sede social na Comunidade Autónoma de Galicia.

3ª Importes e límites das subvencións:

a) O importe da subvención será, como máximo:

-Modalidade D.1: o correspondente aos gastos de desprazamento, transporte, mantenza e aloxamento do persoal artístico (músicos/actores/bailaríns/manipuladores de monicreques) e técnico necesarios para a distribución do espectáculo, co límite equivalente ao importe do contrato de distribución. No caso de contratación a billeteira, o importe do contrato calcularase mediante o produto entre a porcentaxe da billeteira que percibirá a compañía, o prezo medio de entrada e o 60% da capacidade do local. A modalidade de contratación a billeteira unicamente será válida para actuacións en España e Portugal.

Para calcular a axuda, teranse en conta os seguintes máximos:

España e Portugal:

Desprazamento: un máximo de 30 euros, por persoa e día.

Mantenza: un máximo de 36 euros, por persoa e día.

Aloxamento: un máximo de 40 euros por persoa e día.

Resto de Europa:

Desprazamento: un máximo de 50 euros, por persoa e día.

Mantenza: un máximo de 60 euros, por persoa e día.

Aloxamento: un máximo de 60 euros por persoa e día.

Resto do mundo:

Desprazamento: un máximo de 80 euros, por persoa e día.

Mantenza: un máximo de 60 euros, por persoa e día.

Aloxamento: un máximo de 80 euros por persoa e día.

Gastos de avión, cos seguintes máximos:

España e Portugal: 200 euros por persoa.

Europa: 300 euros por persoa.

Resto do mundo: 700 euros por persoa.

Días máximos que se consideran para a axuda:

No caso dun só espectáculo:

España e Portugal: 2 días.

Resto de Europa: 3 días.

Resto do mundo: 4 días.

No caso de xiras:

Os días relativos ás viaxes de ida e volta, os días de representación artística e os días intermedios, cun tope de día intermedio por data de representación artística.

Gastos de transporte:

Enténdese por transporte aqueles gastos referentes ao desprazamento dos materiais precisos para o desenvolvemento da actividade. Será necesaria a presentación das correspondentes facturas, nas cales se fará referencia clara ao motivo do transporte e ao material transportado.

-Modalidade D.2: o correspondente aos gastos derivados da asistencia á feira ou mercado cultural, incluídos os de desprazamento, transporte, aloxamento, mantenza (segundo os máximos reflectidos para a modalidade D.1), así como dereitos ou cotas de asistencia e aluguer de espazos de exhibición, co límite equivalente ao 60% sobre o custo total e co máximo de 4.000 euros por feira e 25.000 euros anuais por solicitante. Non son obxecto desta liña de subvencións os gastos de cachés, honorarios profesionais e outros similares, derivados da realización de representacións, espectáculos ou exposicións, nin de elaboración de materiais promocionais ordinarios.

Co fin de impulsar a presenza do sector das galeirías de arte galegas nas distintas feiras de arte nacionais e internacionais, dentro do crédito orzamentario destinado a esta modalidade, reservárase un máximo de 40.000 euros para as galerías de arte que o soliciten e cumpran os requisitos exixidos nesta convocatoria.

-Modalidade D.3: máximo do 40% do prezo de contratación, durante a Feira Galega das Artes Escénicas, de espectáculos de teatro e danza producidos na Comunidade Autónoma de Galicia para a

súa distribución no exterior ao longo de 2010. Para estes efectos, se o prezo de contratación supera o caché do espectáculo, tomarase en consideración esta última contía. En caso de ser unha cantidade inferior ao caché do espectáculo, aplicaráselle a mesma dedución á contía da axuda prevista para a Agadic.

b) Forma de pagamento: o importe da subvención farase efectivo logo de xustificación polo beneficiario do cumprimento total das actividades e das obrigas establecidas.

4ª Documentación específica requirida aos solicitantes desta modalidade:

a) Modalidades D.1. e D.2:

-Ficha de distribución (anexo XVI).

-Para a modalidade D.1, documento acreditativo da oferta ou convite, co detalle do contido económico daquela, asinado e cuñado polo representante legal da entidade organizadora.

-Relación nominal de persoas que viaxarán e posto que desempeñan.

b) Modalidade D.3:

-Ficha de contratación (anexo XVII).

-Contrato de actuación.

-Copia do acordo/compromiso de actuación, asinado e selado na Feira Galega das Artes Escénicas.

5ª Prazos previstos para o cumprimento e a xustificación das subvencións concedidas para estes proxectos:

Sen prexuízo do disposto na cláusula quinta destas bases, en relación co prazo de iniciación do expediente e conseguinte presentación de solicitudes, os prazos que se deberán ter en consideración para as modalidades D.1. e D.2. son os que seguen:

a) De presentación de solicitudes: as solicitudes deberán presentarse, en todo caso, con anterioridade ao 31 de outubro de 2010. Para os espectáculos distribuídos entre o 1 de novembro de 2009 e a data de publicación desta resolución de convocatoria de subvencións, o prazo de solicitude será dun mes, contado a partir da data de publicación.

b) De celebración da función: entre o 1 de novembro de 2009 e o 31 de outubro de 2010.

c) De xustificación: un mes, contado desde a finalización da distribución ou xira do espectáculo obxecto da subvención e, en todo caso, co límite máximo do 15 de novembro de 2010.

En todo caso, e para garantir un mellor uso dos fondos económicos destinados a esta modalidade, establécese a seguinte temporalidade:

Se a actividade ou espectáculo se levase a cabo antes do 31 de maio, as solicitudes presentaríanse ata o 31 de maio de 2010. As solicitudes concedidas neste prazo terán un mes para a xustificación da

axuda recibida, contado desde a notificación da concesión.

Se a actividade ou espectáculo se levase a cabo a partir do 1 de xuño, as solicitudes presentaranse desde o 1 de maio e ata o 31 de outubro.

Na modalidade D.3, o prazo de presentación de solicitudes será o xeral (un mes desde o día seguinte á publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*) e o de xustificación será ata o día 30 de novembro de 2010, como data límite.

6ª Xustificación e liquidación da subvención outorgada:

a) Modalidades D.1:

-Fotocopia compulsada dos recibos acreditativos do cobramento das cantidades estipuladas.

-Folla de billeteira das funcións realizadas, con indicación do público asistente e a recadación por billeteira, ou certificación acreditativa da realización do espectáculo pola entidade organizadora.

-Relación completa dos gastos realizados, polo importe total dos gastos de explotación (anexo XII).

-Xustificantes, orixinais ou copias compulsadas, dos gastos imputados á actividade obxecto da subvención, por importe igual ou superior á subvención concedida.

Non se aceptarán aquelas facturas no concepto das cales non se estableza de maneira clara e discriminada o obxecto do ben, a obra e/ou o servizo facturado.

-Relación de subvencións, achegas ou outros recursos concedidos para o mesmo obxecto por outras administracións públicas, así como declaración das axudas concedidas en réxime *de minimis* durante os tres últimos exercicios (anexo XIII).

-Relación nominal de persoas que viaxaron e postos que desempeñaron.

b) Modalidades D.2:

-Relación completa dos gastos realizados, polo importe total dos gastos de explotación (anexo XII).

-Xustificantes, orixinais ou copias compulsadas, dos gastos imputados á actividade obxecto da subvención, por importe igual ou superior á subvención concedida.

Non se aceptarán aquelas facturas no concepto das cales non se estableza de maneira clara e discriminada o obxecto do ben, a obra e/ou o servizo facturado.

-Relación de subvencións, achegas ou outros recursos concedidos para o mesmo obxecto por outras administracións públicas, así como declaración das axudas concedidas en réxime *de minimis* durante os tres últimos exercicios (anexo XIII).

c) Modalidade D.3:

-Fotocopia compulsada dos recibos acreditativos do cobramento das cantidades estipuladas.

-Folla de billeteira das funcións realizadas, con indicación do público asistente e a recadación por billeteira.

-Relación de subvencións, achegas ou outros recursos concedidos para o mesmo obxecto por outras administracións públicas, así como declaración das axudas concedidas en réxime *de minimis* durante os tres últimos exercicios (anexo XIII).

7ª Obrigas específicas asumidas polos beneficiarios:

Incluír de forma visible en todos os soportes de publicidade e difusión da actividade obxecto da subvención os logotipos da marca de proxección exterior da cultura galega, respectando as súas normas de identidade corporativa, inseríndoos nun lugar preferente ou, cando menos, en igualdade de condicións que a entidade subvencionada.

8ª Outras incidencias. Incompatibilidades:

Estas subvencións son compatibles coas outorgadas polo Instituto Nacional de Artes Escénicas e Musicais para a realización de xiras por territorio nacional ou polo estranxeiro.

As axudas para asistencia a feiras serán incompatibles con calquera outra concedida para o mesmo obxecto.

CAPÍTULO IX

SUBVENCIÓNS A SALAS DE TEATRO E ARTES ESCÉNICAS PRIVADAS

1ª Finalidade da concesión:

Promover o desenvolvemento de programacións de artes escénicas por parte de salas e teatros de titularidade privada.

2ª Beneficiarios e requisitos:

-Salas e teatros de titularidade privada, con capacidade non superior ás 250 prazas e cunha programación estable ou o apoio á creación de espectáculos relacionados coas artes escénicas en xeral. Excluíranse deste ámbito as salas ou teatros cuxa titularidade pertenza a asociacións e outras entidades sen ánimo de lucro.

3ª Importes e límites das subvencións:

a) Dotación unitaria mínima de 10.000 euros e máxima de 75.000 euros, co límite do 50% dos ingresos obtidos no exercicio inmediatamente anterior. No caso de salas de nova creación, nas que os ingresos brutos do exercicio anterior sexan inferiores a 30.000 euros, a subvención concedida terá o importe máximo de 15.000 euros.

b) As axudas e/ou subvencións concedidas polas diferentes administracións públicas ou outras institucións, públicas ou privadas, para a mesma finalidade non poderán superar o importe total dos gastos efectivamente producidos.

c) Forma de pagamento: a cantidade obxecto de subvención e adxudicada ao proxecto presentado

será aboada por resolución da Dirección da Agadic, de acordo coas súas posibilidades de liquidez, por pagamentos parciais con cargo ao ano correspondente e logo de xustificación de gastos a medida que se vaian desenvolvendo as actuacións, ata un importe máximo do 70% do importe concedido, condicionando estes «pagamentos á conta» á achega e pertinente comprobación por parte deste instituto da documentación que xustifique a efectiva aplicación da suma librada á actividade obxecto de subvención.

Da mesma forma, poderase realizar un pagamento anticipado de ata un 50%, como máximo, do importe total da achega, logo de solicitude expresa do beneficiario e presentación de certificación do inicio das actividades.

Para o cobramento dos pagamentos parciais e anticipos, será requisito indispensable a constitución das garantías establecidas na cláusula décima do capítulo III desta convocatoria.

4ª Criterios de valoración e baremación:

a) Os criterios xerais de valoración e baremación serán os seguintes:

A. Programación do ano 2009: 60 puntos.

a.1. Espectáculos programados: 10 puntos.

-Máis de 30: 10 puntos.

-Entre 24 e 30: 8 puntos.

-Entre 18 e 23: 6 puntos.

-Entre 12 e 17: 4 puntos.

-Entre 6 e 11: 2 puntos.

-Ata 5: 0 puntos.

a.2. Espectadores por función: 10 puntos. Media de espectadores por función na programación da Rede Galega de Salas de 2009.

-Máis de 80: 10 puntos.

